

CARTA ABERTA AO PROFESORADO GALEGO

Desde o STEG levamos desde principios de curso facendo un chamado á unidade de acción sindical de todas aquelas organizacións que non asinamos o acordo da miseria. Chamamos tamén a aquelas organizacións asinantes dun acordo que a consellería incumpre sistematicamente, a rectificar e a sumarse, baixo principios programáticos, a unha ampla unidade sindical.

Porén, esta chamada á unidade non tivo aínda a resposta que a situación esixe. Esta semana a CIG convocou, en solitario, unha concentración o vindeiro 25 de xuño diante da Consellería de Educación.

Desde o STEG queremos deixar claro que acudiremos a esa concentración, porque temos un compromiso de responsabilidade co profesorado e co ensino público, e porque seguimos crendo que é posíbel e necesaria unha unidade de acción sindical firme, clara e contundente que nos leve a recuperar os nosos dereitos. Que nos leve a recuperar o soldo de verán para o persoal substituto, que nos leve a recuperar o noso horario lectivo, que nos leve a recuperar o poder adquisitivo perdido, que nos leve en definitiva a recuperar o roubado pola Consellería.

Mais tamén dicimos que xa non chegan as mobilizacións rituais, sen continuidade nin obxectivos claros. A situación actual esixe máis: esixe planificación, valentía, forza colectiva e mobilización sostida no tempo. Exemplos como Asturias ou Euskadi amosan que é posible acadar vitorias cando hai vontade política e unidade sindical real.

O profesorado galego merece máis. O ensino público galego necesita máis. E desde o STEG imos seguir traballando con humildade para construír ese “máis” desde abaixo, co profesorado, de forma assemblearia, como sempre nos caracterizamos.

Sabemos que o profesorado galego está mirando o que facemos e se somos capaces de organizar a resposta que desde o 8 de setembro mude dunha vez por todas a nosa situación.

O 25 de xuño estaremos na rúa, loitando e traballando por unha unidade sindical baixo un programa claro e que sirva para gañar.

Polo ensino público galego, vémonos o 25!
UNIDADE, UNIDADE, UNIDADE!

STEG – Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

